

REVENTIDAS

V I L A X O Á N

Plan de medidas da campaña sensibilización
dirixida ao público asistente



Elaborouse e actualizouse o “Plan de lecer non sexista” o “Plan de Igualdade” e un protocolo de actuación que se lle proporcionará ao persoal de seguridade así coma unhas normas básicas para as persoas que vaian ao festival.

Neste protocolo deixaremos claras que tipo de condutas non son aceptables neste espazo seguro de igualdade.

Se ocorre algunha destas accións o persoal de seguridade será o encargado de activar o protocolo e expulsar ás persoas

do recinto e/ou avisar ás forzas de seguridade se fose preciso.

EN REVENIDAS ANTE CALQUERA TIPO DE AGRESIÓN SEXISTA TOLERANCIA

CERO!

Axentes de igualdade darán formación de igualdade e de actuación ante posibles agresións machistas tanto ao persoal propio do festival, como aos responsables de seguridade.

Compartirase o Plan de Lecer non Sexista na páxina web, nas redes do festival e nas pantallas do festival e farse en redes especial fincapé na tolerancia cero no noso festival e na vida en xeral coas condutas e agresións machistas.

Colaboración e presenza da **campaña para a prevención das agresións sexuais da Deputación de Pontevedra**, que estará o venres 13 e o sábado 14 no Revenidas.

Cos lemas “**Compracer nunca. Con pracer sempre**” e “**Non a lées. Alíate!**” faise un chamamento ao dereito das mulleres a decidir e á responsabilidade dos homes a respectar, ao tempo que se visibiliza unha forma de violencia pouco atendida e moi normalizada como son as violacións en cita e as agresións por submisión química, dúas formas de agresión que obstaculizan o recoñecemento do delito e a súa posterior denuncia.

Cordinación co Concello de Vilagarcía e coas forzas de seguridade pública, xa que é un tema no que as competencias son municipais, para ver eivas e reforzar zonas conflitivas con axentes, e iluminación.